


Informe técnico do Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño de Galicia 2017



XUNTA DE GALICIA
Consellería de Sanidade
Dirección Xeral de Saúde Pública
Santiago de Compostela
2018

Imaxe de portada: Praia Carragueiros (Boiro)

Responsables da publicación

Ángel Gómez Amorín

Manuel Álvarez Cortiñas

Cristina Pérez Feás

Silvia Suárez Luque

Servizo de Sanidade Ambiental

Subdirección Xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde

Dirección Xeral de Saúde Pública

Consellería de Sanidade

San Lázaro s/n - 15712 - Santiago de Compostela

Tlf.: 881 542 955 – 881 542 953 Fax: 881 542 970

A auga é un recurso natural escaso, polo que debemos protexer a súa calidade, especialmente no caso das augas superficiais, xa que son recursos renovables cunha capacidade limitada de recuperación ante os impactos negativos da actividade humana.

O uso recreativo das augas de baño non está exento de perigos e riscos para a saúde dos usuarios. A contaminación bacteriana pode provocar gastroenterite ou enfermidades respiratorias nas persoas que se bañen nas augas contaminadas. Aínda que estas enfermidades raramente son graves, o número de persoas expostas é enorme debido á importante tradición que existe en Galicia no uso das augas de baño no período estival, xa sexan marítimas ou continentais.

Por este motivo, a Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública, executa o Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño que, con carácter autonómico, vén funcionando na nosa comunidade dende mediados da década dos oitenta.

Neste sentido, considérase prioritaria a difusión de información suficiente e oportuna sobre a calidade das zonas de baño. Entre as actividades de difusión elabórase esta publicación como resultado do desenvolvemento do Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño de Galicia no ano 2017.

Finalmente, quero expresar o meu agradecemento ao corpo de farmacéuticos inspectores de saúde pública e aos profesionais das seccións de Sanidade Ambiental das xefaturas territoriais de Sanidade, así como a todos aqueles profesionais que interviñeron no desenvolvemento do programa. Sen a súa colaboración e disposición non se faría posible a publicación deste informe.

Jesús Vázquez Almuiña
Conselleiro de Sanidade

Resumo

A vixilancia sanitaria das zonas de baño é importante porque o uso recreativo das augas de baño pode ter perigos e riscos para a saúde dos usuarios. A contaminación bacteriana destas pode provocar gastroenterite ou enfermidades respiratorias nas persoas que se bañen en augas contaminadas. Aínda que estas enfermidades raramente son graves, o número de persoas expostas pode ser elevado debido á importante tradición que existe en Galicia no uso das augas de baño.

Por estes motivos, a Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública, executa o Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño. Neste programa elabórase un censo oficial de zonas de baño para cada tempada. No censo oficial da tempada 2017, figuran un total de 486 zonas de baño, con 506 puntos de mostraxe que se atopan en 115 concellos da Comunidade Autónoma galega.

A vixilancia sanitaria das zonas de baño establécese mediante a mostraxe periódica da auga das zonas de baño incluídas no censo. Recóllense en total 10 mostras de cada zona de baño, unha antes do inicio da tempada e as nove restantes ao longo desta, cunha periodicidade aproximadamente quincenal. A tempada de baño establécese, de maneira xenérica, desde o 1 de xuño ata o 30 de setembro. Nas mostras de auga analízanse os parámetros microbiolóxicos de enterococos intestinais e *Escherichia coli*.

A vixilancia sanitaria tivo lugar no 100 % dos puntos de mostraxe censados e realizáronse o 99,9 % dos controis programados. Todos os episodios de contaminación foron comunicados aos concellos implicados.

Dos 506 puntos de mostraxe das zonas de baño incluídas no censo oficial, o 80,8 % obtivo unha clasificación sanitaria excelente, o 11,7 % destes obtiveron unha clasificación boa, o 5,1 % unha clasificación suficiente e o 2,4 % unha clasificación insuficiente.

Segundo a lexislación vixente, as autoridades competentes aplicarán as medidas necesarias para que todas as augas de baño sexan de calidade polo menos suficiente. Cando unha auga de baño sexa cualificada como insuficiente, a autoridade competente velará para que se adopten medidas de xestión axeitadas, que incluírán a prohibición do baño ou a recomendación de absterse deste para evitar a exposición dos bañistas á contaminación; a determinación das causas e motivos polos que non se acadou clasificación suficiente; a previsión, redución ou eliminación destas causas, e, ademais, a comunicación á poboación desta información. Por estes motivos, cómpre que os concellos fomenten urxentemente o establecemento de actuacións para mellorar a calidade da auga das zonas de baño con clasificación sanitaria insuficiente.

Ao comparar os resultados desta tempada cos obtidos nas tempadas anteriores, obsérvase unha clara tendencia á mellora na calidade das augas de baño tempada a tempada ao aumentar a porcentaxe de praias con clasificación sanitaria excelente e diminuír aquelas con clasificación sanitaria insuficiente.

Desde o inicio da tempada, informouse da clasificación sanitaria das augas de baño e dos resultados microbiolóxicos obtidos nas mostraxes na nosa páxina web. Ao final da tempada, os valores microbiolóxicos foron introducidos no sistema de información nacional de augas de baño (Náyade), que pode consultar toda a poboación a través do acceso ao cidadán. A clasificación sanitaria final de cada zona de baño publícase tamén na páxina web da dirección xeral. Deste xeito, facilítase que todos os usuarios e usuarias das zonas de baño teñan información suficiente e facilmente dispoñible sobre a calidade das augas de baño.

Índice

1. Introducción.....	7
2. Obxectivos.....	8
3. Marco lexislativo.....	8
4. Material e métodos.....	8
4.1. <i>Elaboración do censo oficial de zonas de baño.....</i>	8
4.2. <i>Mostraxe.....</i>	9
4.3. <i>Análise das mostras.....</i>	9
4.4. <i>Xestión e difusión dos resultados obtidos.....</i>	10
4.5. <i>Cálculo da clasificación sanitaria final das augas de baño.....</i>	10
5. Resultados.....	11
5.1. <i>Censo oficial das zonas de baño.....</i>	11
5.2. <i>Avaliación do cumprimento do programa.....</i>	13
5.3. <i>Clasificación sanitaria final das zonas de baño.....</i>	14
5.4. <i>Zonas de baño con clasificación sanitaria insuficiente.....</i>	16
5.5. <i>Comparación cos resultados obtidos nas tempadas anteriores.....</i>	16
5.6. <i>Afloramento de cianobacterias.....</i>	18
5.7. <i>Zonas de baño controladas que non figuran no censo oficial de zonas de baño.....</i>	18
6. Conclusións.....	19

Anexos

Anexo I. Clasificación sanitaria das zonas de baño

Anexo II. Zonas de baño con clasificación sanitaria insuficiente

Anexo III. Zonas de baño controladas que non figuran no censo oficial

1. Introducción

As augas de baño defínense como calquera elemento de augas superficiais onde se prevexa que poida bañarse un número importante de persoas, onde exista unha actividade próxima relacionada directamente co baño, no que non haxa unha prohibición permanente de baño nin se formulase unha recomendación permanente de absterse deste e onde non haxa perigo obxectivo para o público.

O uso recreativo das augas de baño pode ter perigos e riscos para a saúde dos usuarios. A contaminación bacteriana pode provocar gastroenterite ou enfermidades respiratorias nas persoas que se bañen en augas contaminadas. Aínda que estas enfermidades raramente son graves, o número de persoas expostas pode ser elevado debido á importante tradición que existe en Galicia no uso das augas de baño no período estival, xa sexan marítimas ou continentais.

A Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, establece a obriga das administracións públicas sanitarias de orientaren as súas actuacións prioritariamente á promoción da saúde e á prevención das enfermidades. A citada lei indica que as actividades e produtos que, directa ou indirectamente, poidan ter consecuencias negativas para a saúde serán sometidos a control por parte das administracións públicas. Unha destas actividades é o uso recreativo da auga, en concreto das zonas de augas de baño naturais. Coa aprobación da Directiva 2006/7/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de febreiro de 2006, relativa á xestión da calidade das augas de baño e da normativa estatal que a desenvolve, o Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño, actualízase o marco regulamentario nesta materia, que inclúe novidades de carácter científico e técnico entre as que cómpre salientar un novo sistema de cálculo da clasificación sanitaria das augas de baño.

Por estes motivos, a Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública, executa o Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño que, con carácter autonómico, funciona na nosa comunidade desde mediados da década dos oitenta. Neste programa considérase prioritaria a difusión a todas as partes interesadas de información suficiente e oportuna sobre a calidade das zonas de baño.

2. Obxectivos

2.1. Xeral

Minimizar os riscos de contraer enfermidades ao bañarse nas augas marítimas ou continentais.

2.2. Específicos

- Vixiar e clasificar as augas das zonas de baño censadas.
- Identificar as verteduras que poidan supoñer unha deterioración da salubridade das zonas de baño.
- Facilitar que todos os usuarios das zonas de baño dispoñan de información sobre a calidade microbiolóxica das augas durante a tempada de baño.
- Informar as entidades con responsabilidade na súa xestión sobre as condicións das augas de baño.

3. Marco lexislativo

- Directiva 2006/7/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de febreiro de 2006, relativa á xestión da calidade das augas de baño e pola que se derroga a Directiva 76/160/CEE.
- Decisión de execución da Comisión do 27 de maio de 2011 que establece, en virtude da Directiva 2006/7/CE do Parlamento Europeo e do Consello, un símbolo para informar o público da clasificación das augas de baño e de calquera prohibición ou recomendación que afecte a este.
- Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño.

4. Material e métodos

4.1. Elaboración do censo oficial de zonas de baño

No mes de marzo, incorporouse ao Náyade o censo de praias e o calendario de control destas para que o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade (MSSSI) llo notificase á Comisión Europea. Deste xeito, estableceuse o censo oficial de zonas de baño para a tempada 2017.

4.2. Mostraxe

O control sanitario das zonas de baño levouse a cabo mediante a mostraxe periódica da auga das zonas de baño, realizada por Tragsatec segundo o calendario preestablecido.

Con carácter xeral, recóllense un total de 10 mostras en cada zona de baño, unha realizada antes do inicio da tempada e as nove restantes recollidas ao longo desta cunha periodicidade aproximadamente quincenal, agás nas zonas de baño sitas nas Illas Cíes e Ons, nas que, como son consideradas zonas con limitación xeográfica especial, se recollen sete mostras (seis na tempada e unha anterior) e na zona de baño de Ourense Área Recreativa Rabal do concello de Chandrexa de Queixa onde se recollen cinco mostras.

A tempada de baño establécese desde o 1 de xuño ata o 30 de setembro, agás nas zonas de baño que se atopan nas Illas Cíes e Ons, nas que a tempada de baño se establece desde o 1 de xullo ata o 30 de setembro e na zona de baño de Ourense Río Rabal que é desde o 1 de xuño ata o 25 de xullo.

A mostraxe realízase seguindo o indicado na lexislación vixente e o transporte das mostras ata o laboratorio lévase a cabo en neveiras refrixeradas.

4.3. Análise das mostras

No Laboratorio de Saúde Pública de Galicia (LSPG), determináronse os parámetros microbiolóxicos de enterococos intestinais e *Escherichia coli* de forma rutineira (parámetros que deben ser controlados analiticamente segundo a lexislación vixente). Ademais, no momento da mostraxe determinouse o pH, a temperatura e o resto dos parámetros controláronse de xeito visual. Na táboa 1 figuran as técnicas empregadas para os parámetros microbiolóxicos.

Táboa 1. Técnicas empregadas polo Laboratorio de Saúde Pública de Galicia para a determinación dos parámetros microbiolóxicos analizados

Parámetro	Método análise	Unidades	Acreditado	Validado
Enterococo intestinal	Número máis probable, baseado na tecnoloxía DST	NMP/100 mL	Non	Si
<i>Escherichia coli</i>	UNE EN ISO 9308-2	NMP/100 mL	Si	Si

4.4. Xestión e difusión dos resultados obtidos

Logo de obter os resultados analíticos das mostras recollidas, o LSPG introdúceos na súa aplicación informática e o persoal da Sección de Sanidade Ambiental das XTS ou o corpo de farmacéuticos inspectores de saúde pública validan os resultados na aplicación informática Herme.

Os datos de cada mostraxe foron publicados periodicamente na páxina web da Dirección Xeral de Saúde Pública (<https://www.sergas.es/Saude-publica/Praias>). Ao final da tempada, os resultados microbiolóxicos das mostras analizadas foron introducidos no Sistema de Información Nacional de Augas de Baño (Náyade) mediante ficheiros de intercambio. Estes resultados poden consultarse na páxina web do Náyade a través do acceso ao cidadán (<http://nayadeciudadano.msssi.es/>). Na páxina web da dirección xeral, pódese consultar tamén a clasificación sanitaria final de cada zona de baño.

4.5. Cálculo da clasificación sanitaria final das augas de baño

A Directiva 2006/7/CE establece un sistema de cálculo que ten en conta os datos dos controis das catro últimas tempadas.

O sistema de cálculo consiste na avaliación do percentil da función normal de densidade de probabilidade (\log_{10}) dos datos microbiolóxicos obtidos nunhas augas de baño determinadas. Dedúcese o valor do percentil da seguinte maneira:

- i) Tómase o valor \log_{10} de todas as enumeracións bacterianas da secuencia de datos avaliada, incluído os resultados dos controis previos.
- ii) Calcúlase a media aritmética dos valores \log_{10} (μ).

iii) Calcúlase a desviación típica (muestral) dos valores log₁₀ (σ).

O punto superior do percentil 90 da función de densidade de probabilidade dos datos dedúcese da seguinte ecuación: punto superior do percentil 90 = antilog ($\mu + 1,282 \sigma$).

O punto superior do percentil 95 da función de densidade de probabilidade dos datos dedúcese da seguinte ecuación: punto superior do percentil 95 = antilog ($\mu + 1,65 \sigma$).

Unha vez calculados os percentís 90 e 95 para cada parámetro, establécese a calidade excelente, boa, suficiente ou insuficiente segundo os valores que se indican na táboa 2.

Táboa 2. Criterios para o cálculo da clasificación das zonas de baño segundo a Directiva 2006/7/CE

Parámetro	Clasificación, augas marítimas			Clasificación, augas continentais		
	Excelente	Boa	Suficiente	Excelente	Boa	Suficiente
Enterococos intestinais	100 (*)	200 (*)	185 (**)	200 (*)	400 (*)	330 (**)
Escherichia coli	250 (*)	500 (*)	500 (**)	500 (*)	1000 (*)	900 (**)

(*)De acordo coa avaliación do percentil 95

(**)De acordo coa avaliación do percentil 90

5. Resultados

5.1. Censo oficial das zonas de baño

No censo oficial da tempada 2017, figuran un total de 486 zonas de baño, con 506 puntos de mostraxe que se atopan en 115 concellos da Comunidade Autónoma galega. Dos 506 puntos de mostraxe, 436 pertencen a zonas de baño marítimas (86,2 %) e 70 a zonas de baño continentais.

Ao comparar o censo desta tempada co censo oficial da tempada 2016 obsérvase que hai dúas zonas de baño novas (unha marítima e unha continental) e se eliminou do censo unha zonas de baño seguindo o criterio indicado polo MSSSI por obter clasificación sanitaria insuficiente durante cinco tempadas de baño consecutivas. Esta praia é Testal-Taramancos de Noia (A Coruña).

As novas zonas de baño no censo oficial da tempada 2017 son a praia marítima **Rebordelo** de Cabana de Bergantiños na provincia da Coruña e a praia fluvial **Maceira** do concello de Covelo na provincia de Pontevedra.

Na táboa 3 e na figura 1, obsérvanse as distribucións das zonas de baño marítimas e continentais en relación co número de concellos, zonas de baño e puntos de mostraxe nas diferentes provincias.

Táboa 3. Distribución das praias marítimas e continentais da tempada 2017

Provincia	Augas marítimas			Augas continentais				Total
	A Coruña	Lugo	Pontevedra	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Concellos	37	8	18	10	13	16	13	115
Zonas de baño	203	44	173	12	14	20	20	486
Puntos de mostraxe	213	45	178	13	17	20	20	506




Figura 1. Distribución das praias marítimas e continentais da tempada 2017

Galicia é a comunidade autónoma española con maior número de puntos de mostraxe censados cun 23,0 % do total de España, seguida de Andalucía e Cataluña. Dentro da Unión Europea o 10,1 % das zonas de baño censadas son españolas e o 2,3 % son galegas. Italia, seguido de Francia,

Alemaña e despois España son os países con maior número de zonas de baño (datos do ano 2016).

5.2. Avaliación do cumprimento do programa

Para medir o grao de cumprimento do programa, calcúlanse os seguintes indicadores:

Grao de produción de mostraxes (GPM)

$$\text{GPM} = \frac{\text{N.º mostraxes realizadas (das planificadas)}}{\text{N.º mostraxes planificadas}} \times 100$$

Grao de produción de análises (IPA)

$$\text{IPA} = \frac{\text{N.º análises realizadas (das planificadas)}}{\text{N.º mostraxes planificadas}} \times 100$$

Grao de comunicacións de episodios de contaminación aos concellos (GCC)

$$\text{GCC} = \frac{\text{N.º comunicacións aos concellos por episodios de contaminación}}{\text{N.º episodios de contaminación}} \times 100$$

A vixilancia e o control sanitario tivo lugar no 100 % das zonas de baño censadas. O cumprimento de programa foi totalmente satisfactorio, xa que se obtivo un índice de produción de mostraxes do 99,9 %. Na táboa 4 amósanse os resultados do cumprimento do programa de vixilancia.

Táboa 4. Grao de cumprimento do programa de zonas de baño en cada provincia (%)

Índice	Provincia				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
GPM	100	99,8	98,5	100	99,9
IPA	100	99,8	98,5	100	99,9
GCC	100	100	100	100	100

5.3. Clasificación sanitaria final das zonas de baño

A clasificación sanitaria e as estatísticas calcúlanse cos puntos de mostraxe. Dos 506 puntos de mostraxe das zonas de baño incluídas no censo oficial, o 80,8 % obtivo unha clasificación sanitaria excelente, o 11,7 % destes obtiveron unha clasificación boa, o 5,1 % unha clasificación suficiente e o 2,4 % unha clasificación insuficiente. Estes resultados resúmense na táboa 5 e nas figuras 2, 3 e 4.

A clasificación sanitaria das augas de todos os puntos de mostraxe pode consultarse no anexo I. Os resultados microbiolóxicos de cada zona de baño utilizados para o cálculo desta clasificación publícanse na páxina web da dirección xeral xunto con este informe.

Táboa 5. Clasificación sanitaria das zonas de baño agrupadas por provincias e tipo de auga

Clasificación sanitaria	Tipo de auga	Núm. puntos de mostraxe				Total	%
		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra		
Excelente	Marítima	167	41	-	164	372	80,8
	Continental	5	9	12	11		
Boa	Marítima	29	2	-	8	39	11,7
	Continental	4	5	4	7		
Suficiente	Marítima	13	2	-	5	20	5,1
	Continental	1	-	3	2		
Insuficiente	Marítima	4	-	-	1	5	2,4
	Continental	3	3	1	-		

■ Excelente ■ Boa ■ Suficiente ■ Insuficiente




Figura 2. Clasificación sanitaria xeral das zonas de baño




Figura 3. Clasificación sanitaria das zonas de baño agrupadas por tipo de auga




Figura 4. Clasificación sanitaria das zonas de baño agrupadas por provincias

5.4. Zonas de baño con clasificación sanitaria insuficiente

O 2,4 % dos puntos de mostraxe analizados obtiveron unha clasificación sanitaria insuficiente (12 zonas de baño, das que 7 son augas continentais). No anexo II, enuméranse estas zonas de baño.

Segundo a lexislación vixente, se as augas de baño son clasificadas como de calidade insuficiente durante cinco anos consecutivos, a autoridade competente disporá que se dite unha prohibición permanente do baño ou recomendación de absterse deste. Cando se dá esta circunstancia, a zona de baño non se axusta á definición de augas de baño descrita na lexislación, polo que debe eliminarse do censo oficial. Das zonas de baño con clasificación sanitaria insuficiente, A Concha, do concello de Cariño, leva cinco anos consecutivos con esta clasificación, polo que será eliminada do censo oficial para a tempada 2018 e deberá prohibirse o baño nela de xeito permanente.

A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, indica que é a Administración local a competente no control sanitario do medio natural no seu ámbito territorial. Por outra banda, o artigo 4.4.b da Directiva 2006/7/CE indica que a avaliación da calidade das augas de baño podería efectuarse sobre a base dunha serie de datos relativos a menos de catro tempadas, se se produciron cambios que poidan afectar á clasificación sanitaria das augas de baño. Se se establecen medidas para mellorar a calidade da auga de baño, a clasificación sanitaria podería cambiar na seguinte tempada na que se demostre que estes cambios melloran a calidade da auga de baño. Por todo isto, con carácter urxente, as administracións competentes deben adoptar as medidas necesarias para que mellore a calidade sanitaria das augas de baño, prioritariamente aquelas con clasificación insuficiente.

5.5. Comparación cos resultados obtidos nas tempadas anteriores

Debido ao cambio no sistema de cálculo da clasificación sanitaria, soamente se poden comparar os resultados obtidos nesta tempada coas tempadas de baño posteriores ao 2011. Esta comparación móstrase na figura 5, na que se observa unha tendencia á mellora na calidade das augas de baño tempada a tempada ao aumentar a porcentaxe de praias con clasificación sanitaria excelente e diminuír aquelas con clasificación sanitaria insuficiente.

Concretamente, na tempada 2017 a clasificación sanitaria mellorou significativamente. As posibles causas desta melloría poderían ser que se reduciu o límite para considerar contaminación

microbiolóxica a 1000 NMP/100 mL. Ademais, repetíronse os resultados anómalos tendo en conta o histórico da zona de baño naquelas con clasificación sanitaria excelente e boa.




Figura 5. Comparación da clasificación sanitaria das zonas de baño obtida nas tempadas 2011-2017 xeral e agrupada por provincias

5.6. Afloramento de cianobacterias

No ano 2012 estableceuse un protocolo de seguimento e actuacións cos organismos de bacía (Augas de Galicia e Confederación Hidrográfica Miño-Sil) ante a posible aparición dun afloramento de cianobacterias nos encoros nos que hai zonas de baño censadas.

Por este motivo, a Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS) realiza un seguimento da presenza de cianobacterias en diversos encoros e zonas de baño que teñen unha propensión á súa proliferación.

Durante a tempada de baño 2017, levouse a cabo seguimento nos encoros das Conchas, de Prada e dos Peares. Nos encoros das Conchas e dos Peares o risco de proliferación masiva de cianobacterias foi pouco probable durante toda a tempada de baño. No encoro de Prada, a principios do mes de agosto detectouse un incremento na concentración de cianobacterias da especie *Anabaena circinalis* que se mantivo durante dúas semanas pero non chegou a representar unha proliferación masiva.

5.7. Zonas de baño controladas que non figuran no censo oficial de zonas de baño

Cando un concello solicita a inclusión dunha nova zona de baño no censo oficial, pídeselle un informe das condicións da zona de baño á XTS correspondente e consúltase, no histórico de resultados microbiolóxicos da praia, se nalgún momento estivo incluída no Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño. Se o resultado destas actuacións é favorable, inclúese nos controis microbiolóxicos para a súa avaliación e solicítaselle un informe ao organismo de bacía implicado pola súa localización. Esta opción estableceuse para 16 zonas de baño na tempada 2017 (anexo III).

6. Conclusións

A vixilancia sanitaria das zonas de baño é importante porque o uso recreativo das augas de baño pode ter perigos e riscos para a saúde dos usuarios. A contaminación bacteriana pode provocar gastroenterite ou enfermidades respiratorias nas persoas que se bañen nas augas contaminadas. Aínda que estas enfermidades raramente son graves, o número de persoas expostas pode ser elevado debido á importante tradición que existe en Galicia no uso das augas de baño no período estival, xa sexan marítimas ou continentais.

No censo oficial da tempada 2017, figuran un total de 486 zonas de baño, con 506 puntos de mostraxe que se atopan en 115 concellos da Comunidade Autónoma galega. A vixilancia sanitaria tivo lugar no 100 % dos puntos de mostraxe censados e realizáronse o 99,9 % dos controis programados. Todos os episodios de contaminación foron comunicados aos concellos implicados.

No 80,8 % dos puntos de mostraxe controlados nas zonas de baño incluídas no censo oficial obtívose clasificación sanitaria excelente, o 11,7 % destes obtiveron unha clasificación boa, o 5,1 % unha clasificación suficiente e o 2,4 % unha clasificación sanitaria insuficiente. Cómpre que os concellos promovan actuacións para mellorar a calidade da auga das zonas de baño con clasificación sanitaria insuficiente.

Ao comparar os resultados desta tempada cos obtidos nas tempadas anteriores, obsérvase unha tendencia á mellora na calidade das augas de baño tempada a tempada ao aumentar a porcentaxe de praias con clasificación sanitaria excelente e diminuír aquelas con clasificación sanitaria insuficiente. Esta mellora foi significativa na tempada 2017.

Anexo I. Clasificación sanitaria anual das zonas de baño. Tempada 2017

(será a vixente para a tempada 2018)

Provincia da Coruña

Municipio	Código	Zona de baño - Punto de mostraxe	Tipo de auga	N (*)	Clasificación sanitaria
Ames	150020011	Río Tambre - Tapia	Continental	38	Excelente
	150040721	Chanteiro	Marítima	39	Excelente
Ares	150040751	Ares	Marítima	33	Boa^(**)
	150040761	Raso - Seselle	Marítima	39	Excelente
Arteixo	150051001	Combouzas	Marítima	40	Excelente
	150051292	Area Grande de Suevos	Marítima	38	Excelente
	150051302	Porto de Suevos	Marítima	37	Boa
	150051322	Alba - Sabón	Marítima	40	Excelente
	150051331	A Salsa - Repibelo	Marítima	40	Excelente
	150051341	A Ucha	Marítima	40	Excelente
	150051351	Valcovo	Marítima	39	Excelente
Bergondo	150051364	Barrañán	Marítima	39	Excelente
	150051371	O Reiro	Marítima	39	Excelente
	150080963	O Pedrido esquerda	Marítima	37	Suficiente
	150080964	O Pedrido dereita	Marítima	37	Suficiente
	150080993	Gandarío esquerda	Marítima	10	Excelente^(**)
Boiro	150080994	Gandarío dereita	Marítima	10	Boa^(**)
	150111009	Retorta	Marítima	39	Excelente
	150113772	Barraña Santíño	Marítima	36	Excelente
	150113792	Barraña	Marítima	39	Excelente
	150113831	Piñeirón	Marítima	38	Excelente
	150113841	Ribeira Grande	Marítima	39	Excelente
	150113859	Carragueiros	Marítima	39	Excelente
Brión	150113871	Ladeira do Chazo	Marítima	38	Excelente
	150113891	Mañóns	Marítima	39	Excelente
	150113921	Portomouro	Marítima	40	Excelente
	150130011	Río Tambre - Nináns	Continental	38	Insuficiente
Cabana de Bergantiños	150141691	Rebordelo	Marítima	10	Excelente
Cabanas	150150851	A Magdalena	Marítima	38	Boa
	150151001	Chamoso	Marítima	38	Boa



Municipio	Código	Zona de baño - Punto de mostraxe	Tipo de auga	N (*)	Clasificación sanitaria
Camarieiras	150161001	Area Longa	Marítima	40	Excelente
	150161761	Arou	Marítima	39	Excelente
	150161821	O Lago	Marítima	40	Excelente
	150161851	Lingunde	Marítima	38	Suficiente
	150161871	A Areíña Branca	Marítima	38	Excelente
	150162001	O Ariño	Marítima	39	Boa
	150163001	Lobeiras	Marítima	40	Excelente
Carballo	150191451	Arnados	Marítima	27	Suficiente
	150191001	Ría de Baldaio	Marítima	40	Excelente
	150191421	Pedra do Sal	Marítima	40	Excelente
	150191432	Saíñas	Marítima	40	Excelente
	150191441	Razo	Marítima	39	Excelente
Cariño	159010281	Figueiras	Marítima	39	Excelente
	159010301	Fornos	Marítima	40	Excelente
	159010322	Basteira	Marítima	38	Excelente
	159010332	A Concha	Marítima	40	Insuficiente
	159013001	Peiral	Marítima	35	Excelente
Carnota	150202161	San Pedro	Marítima	39	Boa
	150202171	Porto Quilmas	Marítima	40	Excelente
	150202199	Corna Becerra	Marítima	40	Excelente
	150202209	Area Branca	Marítima	40	Excelente
	150202211	A Insuela	Marítima	39	Excelente
	150202221	Caldebarcos	Marítima	40	Excelente
	150202231	San Mamede (Boca do Río)	Marítima	40	Excelente
	150202241	Mar de Lira	Marítima	40	Excelente
	150202251	Porto Cubelo	Marítima	40	Excelente
	150202321	Ardeleiro	Marítima	40	Excelente
Cedeira	150202369	Lariño	Marítima	39	Excelente
	150220331	Area Longa	Marítima	38	Boa
	150220342	Magdalena	Marítima	38	Suficiente
Cee	150231001	Lires	Marítima	38	Insuficiente
	150232111	Estorde	Marítima	38	Insuficiente
	150232159	Gures	Marítima	40	Excelente



Municipio	Código	Zona de baño - Punto de mostraxe	Tipo de auga	N (*)	Clasificación sanitaria	
Corcubión	150281001	Santa Isabel	Marítima	38	Excelente	
	150282121	Quenxe	Marítima	38	Boa	
A Coruña	150301001	O Portiño	Marítima	37	Excelente	
	150301181	Oza - Lazareto	Marítima	38	Excelente	
	150301191	San Amaro	Marítima	39	Excelente	
	150301201	As Lapas	Marítima	40	Excelente	
	150301221	Matadoiro	Marítima	38	Excelente	
	150301231	Orzán	Marítima	39	Excelente	
	150301242	Riazor	Marítima	40	Excelente	
Dumbría	150342159	Ézaro	Marítima	40	Excelente	
Fene	150350819	Río Sandeu	Marítima	39	Boa	
	150350829	Coido	Marítima	39	Boa	
	150350831	Almieiras	Marítima	39	Boa	
	150352001	Maniños	Marítima	37	Excelente	
Ferrol	150360511	Ponzos	Marítima	39	Excelente	
	150360561	Santa Comba	Marítima	39	Excelente	
	150360599	Pareixal (Cobas)	Marítima	38	Excelente	
	150360609	A Fragata	Marítima	39	Excelente	
	150360611	San Xurxo	Marítima	39	Excelente	
	150360631	Doniños	Marítima	39	Excelente	
	150360661	Caríño	Marítima	39	Excelente	
	150360681	San Felipe	Marítima	40	Boa	
	150360691	A Graña	Marítima	38	Suficiente	
	150362009	O Vilar	Marítima	38	Excelente	
	150363009	Esmelle	Marítima	39	Excelente	
	Fisterra	150371001	Corveiro	Marítima	37	Excelente
		150372001	Ribeira	Marítima	37	Excelente
